



REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO  
DE SAN CAETANO O DÍA DE 28 DE XUÑO DE 2007,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.  
EMILIO PÉREZ TOURIÑO

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Proxecto de Lei polo que se modifica a Lei do Consello Consultivo de Galicia e a Lei de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia

DECRETOS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Decreto polo que se dispón o cesamento de Marta Fernández Curras como interventora xeral da Comunidade Autónoma
- Decreto polo que se nomea a Germán Ferreiro Vilariño como interventor xeral da Comunidade Autónoma

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto de aprobación definitiva do proxecto de modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello do Porriño (Pontevedra) no ámbito do polígono das Gándaras para a súa adecuación ao decreto polo que se declaran determinados espazos como zonas de especial protección dos valores naturais

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo
- Decreto polo que se crea un colexio de educación infantil e primaria en Ortoño e unha escola infantil en Biduído, ambos os centros no concello de Ames (A Coruña)
- Decreto polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia



## ACORDOS

### VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Confederación Galega de Minusválidos (COGAMI) para o financiamento do programa de formación ocupacional que se impartirá no centro Fingoi (Lugo), dirixido a persoas con discapacidade física gravemente afectadas
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Confederación Galega de Minusválidos (COGAMI) para o financiamento do programa de formación profesional e inclusión social das persoas con discapacidade física de Galicia

### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e da Organización de Estados Iberoamericanos para a Educación, a Ciencia e a Cultura (OEI), para a creación e posta e marcha do Instituto para o desenvolvemento e a Innovación Educativa en Arxentina (proxecto IDIE-OEI)

### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Acordo polo que se aproba o Plan de Reequilibrio Territorial

### CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Neda (A Coruña) para realizar as obras de pavimentación e urbanización do tramo final da rúa Real



## CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade de Vigo e a Universidade da Coruña para a promoción do acceso a ordenadores portátiles polos alumnos universitarios

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura de convenios para a realización de obras de infraestrutura rural con diversos concellos no marco do Plan de Infraestruturas Rural 2007 (PIR-FC-Rois...Portas)
- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura de convenios para a realización de obras de infraestrutura rural con diversos concellos no marco do Plan de Infraestruturas Rural 2007 (PIR-FC Trasmiras...Vilamartín de Valdeorras)
- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura de convenios para a realización de obras de infraestrutura rural con diversos concellos no marco do Plan de Infraestruturas Rural 2007 (PIR-FC Ares...Valga)
- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura de convenios para a realización de obras de infraestrutura rural con diversos concellos no marco do Plan de Infraestruturas Rural 2007 (PIR-FC Boiro...Mos)

## CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte, Caixanova, o Concello de Pontevedra, a Fundación Alexandre Bóveda e a Universidade de Vigo para a realización de actividades e proxectos culturais e, en especial, a creación da Cátedra Alexandre Bóveda
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte e a Federación Galega de Billar, co fin de coadxuvar aos gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade



- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte e a Federación Galega de Tenis, co fin de coadxuvar aos gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte e a Federación Galega de Fútbol Sala, co fin de coadxuvar aos gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte e a Federación Galega de Voleibol, co fin de coadxuvar aos gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade

#### CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e o Consello da Xuventude de Galicia para o desenvolvemento de actividades relacionadas coa prevención da infección polo virus de inmunodeficiencia humana (VIH)

#### CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

- Acordo polo que se autoriza o compromiso plurianual para a prórroga das bolsas para formación de persoal auxiliar en temas de investigación mariña, por importe de 66.420 euros
- Acordo polo que se autoriza o compromiso plurianual para a prórroga das bolsas para formación de persoal especialista en temas de investigación mariña, por importe de 46.614,80 euros

#### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o Concello de Boimorto para a adecuación do contorno da Lagoa de Boimil, por importe de 143.368,02 euros
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Paderne para a execución da obra de mellora do abastecemento na



bacía Galicia Costa. Saneamento na parroquia de Souto. 2ª fase. Paderne (A Coruña) por importe de 392.456,49 euros

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Neda para a execución da obra de mellora do abastecemento na bacía Galicia Costa. Ampliación de abastecemento no Concello de Neda. Neda (A Coruña)", por importe de 331.627,14 euros
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Cervantes para a construción da obra de abastecemento de auga a San Román. Sabadelle, Couso e Tarnas e mellora do e Vilaluz. Cervantes (Lugo)", por importe de 310.000 euros
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e a Universidade de Santiago de Compostela para a implantación do Regulamento (CE) 166/206, do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de xaneiro de 2006, no ámbito da elaboración dun rexistro de emisións e transferencias de contaminantes (PRTR) para Galicia", por importe de 240.808,33 euros

## INFORMES

### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre o proceso de eleccións aos órganos reitores das denominacións de orixe e indicacións

### CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

- Informe sobre a posición de Galicia no marco do debate aberto pola Comisión Europea sobre unha futura política marítima da Unión Europea

### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da declaración de emerxencia da actuación hidráulica para solventar a elevada contaminación microbiolóxica mediante a execución de obras de saneamento por importe de 14.580.793,91 euros



## A XUNTA REGULA A SITUACIÓN DOS EX PRESIDENTES DO GOBERNO GALEGO INTEGRÁNDOOS NO CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA

- Dáse así resposta a un compromiso expresado polo titular da Xunta no seu discurso de investidura
- Créase a figura de membro nato do Consello Consultivo co fin de que se poidan incorporar voluntariamente os ex presidentes da Xunta, poñendo así a súa experiencia ao servizo de Galicia
- O Estado e outras comunidades autónomas como Andalucía, Castilla-La Mancha, Castilla-León xa teñen regulada a súa lexislación nesta dirección

O Consello da Xunta aprobou, na súa reunión deste xoves, a modificación de dous proxectos de lei co fin de regular a situación dos ex presidentes do Goberno galego e integralos, unha vez que deixen os seus mandatos, en órganos de carácter consultivo na comunidade autónoma. Así, a reunión do Goberno galego acordou modificar a Lei do Consello Consultivo de Galicia e a Lei reguladora da Xunta e da súa Presidencia co fin de dar resposta a un dos compromisos adquiridos polo actual presidente do Goberno autonómico no seu discurso de investidura.

Deste xeito, a reforma da Lei do Consello Consultivo prevé a creación da distinción entre membros electivos e membros natos no Consello Consultivo de Galicia. Créase a figura de membro nato do Consello Consultivo co fin de que se poidan incorporar voluntariamente os ex presidentes da Xunta de Galicia, poñendo así a súa experiencia ao servizo de Galicia.

### Limitación da duración do mandato

Esta incorporación modúlase limitando a duración do mandato en función do tempo durante o cal desempeñaron o cargo de presidente. Así, o mandato como membros natos será de seis anos cando o presidente da Xunta exercese como tal durante catro anos ou menos e de doce anos cando o presidente da Xunta exercese como tal durante máis de catro anos. Fóra destes períodos de tempo, os mandatos non serán renovables.

### Situación no Estado e noutras autonomías

A medida adoptada por Galicia súmase ás xa establecidas neste sentido, con anterioridade, tanto no Estado como noutras comunidades autónomas. Así, no Estado, a condición de conselleiro nato do Consello de Estado para os ex presidentes do Goberno ten carácter vitalicio. Por outro lado, na Comunidade Autónoma de Castilla-La Mancha concédeselles o cargo de conselleiro nato do seu Consello Consultivo a aqueles que exercesen o cargo de presidente polo menos seis anos, sendo a duración do mandato igual ao tempo que desempeñaron a Presidencia.



Paralelamente, na Comunidade Valenciana un ex presidente pode ser conselleiro nato do Consello Consultivo durante 15 anos (cando exerza o cargo por un período igual ou superior a unha lexislatura completa), ou por un período igual ao que exercese o cargo como presidente, cun mínimo de 2 anos.

En Estremadura e tamén en Castilla-León modificouse a lexislación para fixar que o cargo de conselleiro nato nos seus respectivos consellos consultivos tivese unha duración igual á metade do tempo que a persoa desempeñase o cargo de presidente. Finalmente, en Andalucía poderán ser conselleiros natos do seu Consello Consultivo os ex presidentes ata que cumbran os 75 anos de idade.

#### Voz sin voto nos ditames preceptivos

Por outra banda, e coa finalidade de garantir a absoluta independencia dos membros natos no exercicio das súas funcións, non poderán ser electores nin elixibles ao cargo presidentes do Consello Consultivo de Galicia, nin terán voto - aínda que si voz- na emisión dos ditames preceptivos que deba elaborar o Consello Consultivo (non se computará xa que logo a súa presenza para os efectos de quórum de constitución para a adopción de tales acordos). Paralelamente, segundo establece o texto da reforma de Lei do Consello Consultivo de Galicia, segundo establece o texto da reforma de Lei do Consello Consultivo de Galicia, en ningún caso poderán tomar parte na elaboración ou discusión dos ditames en relación cos asuntos que estivesen en tramitación no Parlamento de Galicia, agás por acordo unánime da Mesa do Parlamento, oída a Xunta de Portavoces.

#### Período dun ano

Para poder ser membro deste órgano de carácter consultivo, un ex presidente deberá solicitar a súa incorporación ao Consello Consultivo dentro do período dun ano desde a data de publicación da modificación legal hoxe aprobada, realizando unha declaración de que non está incurso en incompatibilidades.

O mandato pode interromperse en determinados supostos e os ex presidentes poden reincorporarse con posterioridade durante o tempo que lles reste de mandato.

#### Reforma da Lei da Xunta e da súa Presidencia

Paralelamente, o Consello da Xunta acordou hoxe modificar a Lei da Xunta e da súa Presidencia para complementar a reforma da Lei do Consello Consultivo de Galicia. Así, de acordo a esta modificación, os ex presidentes poderán solicitar a súa incorporación no Consello consultivo unha vez que entre en vigor a Lei, aprobada hoxe polo Goberno galego.

Estipúlase, así mesmo, que os ex presidentes terán dereito a percibir, durante polo menos dous anos desde o seu cesamento, as compensacións económicas e os



medios e servizos que se establezan por decreto da Xunta, no caso de que non se integren no Consello Consultivo de Galicia (na liña do que xa acontece actualmente).

A modificación legal prevé que se manteña, como na actualidade, o límite de 2 anos para que os ex presidentes reciban compensacións económicas logo de cesaren no cargo. Amplíase, por outra banda, o dereito a recibir as prestacións de servizos que se establezan ata un límite de 4 anos adicionais se tiveron a condición de presidente durante 4 anos, e ata un límite de 10 anos adicionais se tiveron a condición de presidente durante máis de 4 anos.

A prestación destes servizos é incompatible coa condición de membro nato do Consello Consultivo de Galicia ou co exercicio dun cargo público que lle outorgue ao ex presidente unha prestación de medios e servizos de análoga natureza.

Establécese a posibilidade de facilitarlle os medios materiais de apoio preciso para o exercicio das funcións inherentes á súa condición de ex presidente, como poden ser as medidas de seguridade un automóbil de representación e contar cos servizos dun funcionario.

Situación neste sentido noutras autonomías

Tanto no Estado como nas comunidades autónomas establécense medidas de carácter moi similar neste sentido. Así, no Estado, os ex presidentes teñen dereito a percibir durante un prazo igual ao que desempeñasen o cargo, e co máximo de dous anos, unha pensión indemnizatoria do 80 por cento, a contar con dúas persoas ao seu servizo, a un automóbil; e a unha dotación para gastos de oficina.

Paralelamente, en Cataluña, aquelas persoas que ocupasen o cargo de presidente da Generalitat teñen dereito a percibir o 80 por cento do soldo por un período equivalente á metade de tempo que permanecesen no cargo, e como mínimo por unha lexislatura; a unha pensión vitalicia do 60 por cento cando chegan aos 75 anos de idade; ao sostemento dunha oficina con tres postos de traballo, a un automóbil de representación, e a unha dotación económica para atencións de carácter social e protocolario.

Mentres, na Comunidade Autónoma de Extremadura, os ex presidentes teñen dereito ao 80 por cento do soldo durante un período equivalente á metade do tempo que permaneceron ao cargo, e como mínimo por unha lexislatura completa; a unha pensión igual ao 60 por cento ao chegar aos 75 anos; ao mantemento dunha oficina con tres postos de traballo; a un vehículo oficial e un condutor; e a axudas de custo e indemnizacións por gastos de viaxe estancia.

En Andalucía, os ex presidentes teñen dereito a unha pensión do 60 por cento ao alcanzar a idade de 65 anos, así como ao sostemento dunha oficina. Na Comunidade





Valenciana fixouse o dereito ao sostemento dunha oficina de apoio con dous postos de traballo, a un condutor, e a un local de oficina.

Finalmente, na Comunidade Autónoma de Castila-La Mancha, os ex presidentes teñen dereito durante un período equivalente ao tempo que desempeñasen a Presidencia do Goberno autonómico, a un local de oficina, a un condutor e a un automóbil.



## APROBADA A MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM DO PORRIÑO QUE AFECTA UNHA ÁREA DO POLÍGONO INDUSTRIAL DAS GÁNDARAS

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se aproba de xeito definitivo a modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) do Concello do Porriño referido ao ámbito do polígono industrial das Gándaras.

O PXOM do Porriño, que entrou en vigor en xuño de 2003, clasifica os terreos agora obxecto desta modificación de solo rústico de especial protección de espazos naturais. Esta clasificación viña obrigada pola Lei 9/2002 (Lei do solo), ao estar incluídos, no momento da aprobación definitiva do PXOM, na proposta de delimitación provisional da Red Natura 2000.

O polígono industrial das Gándaras, executado por iniciativa pública, foi desenvolvido mediante un plan parcial de ordenación do ano 1966 e urbanizado de conformidade coas determinacións recollidas daquela.

Con posterioridade á aprobación do PXOM, aprobouse a delimitación definitiva da Red Natura 2000 (Decreto 72/2004), da que finalmente quedaron excluídos os terreos obxecto da presente modificación.

Polo tanto, a clasificación de solo rústico de especial protección de espazos naturais recollida no planeamento municipal por exixencia da Lei 9/2002 non se axusta á realidade xurídica e á que de feito teñen os terreos.

A modificación puntual conta co informe favorable da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia.



## O NOVO DECRETO DE ENSINO EN LINGUA GALEGA GARANTE A MESMA COMPETENCIA EN GALEGO E EN CASTELÁN NO ENSINO OBRIGATORIO

- A normativa pola que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo garante a plena competencia linguística propia do nivel educativa en ambas as dúas linguas oficiais na Comunidade Autónoma
- En primaria, ESO e bacharelato o alumnado recibirá, como mínimo, o cincuenta por cento da docencia en galego
- Na etapa de educación infantil o profesorado usará a lingua materna predominante entre o alumnado
- Será de aplicación en todos os centros docentes públicos e privados que imparten as ensinanzas reguladas na LOE
- Os centros elaborarán o seu propio proxecto lingüístico, no que farán constar as medidas de apoio co fin de acadar o obxectivo xeral establecido na Lei de normalización lingüística e na LOE no que afecta o fomento do plurilingüismo
- Educación e Política Lingüística desenvolverán un plan de formación que garanta que todo o persoal dos centros educativos teña unha competencia oral e escrita suficiente para desenvolver a súa actividade profesional en galego

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo. Esta nova normativa está orientada á obtención dunha competencia axeitada do galego no ensino obrigatorio, co fin de propiciar a igualdade plena e efectiva entre as dúas linguas oficiais da Comunidade por parte de toda a poboación escolar, garantindo igualmente a mesma competencia en ambas as dúas linguas. Este decreto desenvolve a Lei de normalización lingüística para a súa aplicación en todos os centros docentes públicos e privados que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE).

En virtude desta normativa, nas ensinanzas de réxime xeral e na educación de persoas adultas, recollidas na LOE, asignarase globalmente o mesmo número de horas ao ensino da lingua galega e da lingua castelá. Nas clases de lingua galega e literatura e lingua castelá e literatura, usarase, respectivamente, o galego e o castelán, tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado. Por outra banda, nas programacións e outros documentos didácticos referidos á lingua castelá poderase utilizar esa lingua.

Por etapas, na educación infantil o profesorado usará na clase a lingua materna predominante entre o alumnado, terá en conta a lingua do contorno e coidará que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia, dentro dos límites propios da correspondente etapa ou ciclo. No caso de contornos castelán falantes, a utilización nesta etapa da lingua galega como lingua de comunicación e ensino, será, como mínimo, igual á da lingua castelá.



En toda a etapa da educación primaria, este decreto recolle que se garantirá que, como mínimo, o alumnado reciba o cincuenta por cento da docencia en galego, tendo que impartirse obrigatoriamente nesta lingua as áreas de matemáticas, coñecemento do medio natural, social e cultural e educación para a cidadanía e os dereitos humanos, garantindo a competencia lingüística propia do nivel en ambas as dúas linguas.

En educación secundaria obrigatoria (ESO), impartiranse en galego as seguintes materias: ciencias da natureza, ciencias sociais, xeografía e historia, matemáticas e educación para a cidadanía. Cando a materia de ciencias da natureza se desdobre en bioloxía e xeoloxía por un lado, e física e química por outro, ambas as dúas materias se impartirán en galego. Ademais destas materias, o claustro completará o número de materias, excluída aquela que a LOE determina de carácter voluntario para o alumnado, que garantan que como mínimo o cincuenta por cento da docencia se imparta en galego. Así, a educación secundaria obrigatoria proporcionaralle a todo o alumnado unha boa competencia nas dúas linguas oficiais que repercuta de forma positiva no seu uso.

En bacharelato, o alumnado recibirá, polo menos, o cincuenta por cento da súa docencia en galego, acadando a competencia lingüística propia do nivel en ambas as dúas linguas. No tocante á formación profesional específica, ensinanzas artísticas e deportivas, de grao medio ou superior, impartiranse en galego os módulos atribuídos á especialidade de formación e orientación laboral e os módulos profesionais que decida a dirección, oídos os departamentos correspondentes, que deberán supoñer, como mínimo, que o alumnado reciba o cincuenta por cento da súa docencia en galego, acadando a competencia lingüística propia do nivel en ambas as dúas linguas. Ademais, en todos os módulos garantirase que o alumnado coñeza o vocabulario específico en lingua galega.

Na ensinanzas de adultos e adultas nos niveis I e II impartirase en galego, como mínimo, o cincuenta por cento da docencia; no nivel III (ESO) e no bacharelato, as ensinanzas impartiranse integramente en galego, agás as materias doutras linguas. Neste sentido, establecerase un plan específico destinado á nova poboación inmigrante que se está a asentando en Galicia, que prevexa formación lingüística, coñecementos históricos e socioculturais.

#### Proxecto lingüístico de centro

Este decreto establece que cada centro, dentro do proxecto educativo, elaborará o seu proxecto lingüístico no cal se farán constar as linguas que se deben empregar nas áreas, materias, módulos ou ámbitos de coñecemento distintos aos que veñen determinados na nova normativa; as oportunas medidas de apoio e reforzo para un correcto uso lingüístico escolar e educativo co fin de acadar o obxectivo xeral establecido na Lei de normalización lingüística e na LOE no que afecta o fomento do



plurilingüismo; os criterios para determinar a lingua predominante do contorno; e as medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio da lingua galega poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle impartan nesa lingua.

Así mesmo, no marco do proxecto lingüístico, fomentarase o uso da lingua galega nas actividades complementarias e actos que o centro organice. O proxecto lingüístico será redactado por unha comisión do profesorado do centro, designada polo equipo directivo, e será aprobado e avaliado polo consello escolar do centro. Pola súa banda, a Administración educativa avaliará os proxectos lingüísticos dos centros e fará o seguimento dos resultados que se desprendan da súa aplicación, coa finalidade de adoptar, se é o caso, as medidas necesarias para garantir que o alumnado adquira de forma oral e escrita a competencia lingüística propia de cada nivel e etapa nas dúas linguas oficiais de Galicia.

A nova normativa tamén recolle a constitución nos centros dependentes da Consellería de Educación dun equipo de normalización e dinamización lingüística para potenciar o uso da lingua galega, que actuará baixo a supervisión da dirección do centro, e que estará formado por profesorado, representantes do alumnado, agás no ensino infantil e primario, e persoal non docente. Ademais, coa finalidade de coordinar estes equipos, constituiranse comisións territoriais. A Administración educativa autonómica e a Secretaría Xeral de Política Lingüística divulgarán as experiencias positivas desenvolvidas nos centros de ensino no campo da normalización lingüística.

#### Formación do persoal dos centros educativos

En virtude do decreto aprobado hoxe, a Consellería de Educación e a Secretaría Xeral de Política Lingüística desenvolverán un plan de formación que garanta que todo o persoal dos centros educativos de Galicia e dos servizos de apoio cuxo persoal dependa da consellería, teña un coñecemento dos aspectos sociolingüísticos do idioma e unha competencia oral e escrita suficiente para comunicarse e desenvolver a súa actividade profesional en galego. Ao mesmo tempo, o persoal seleccionado nos procedementos selectivos de ingreso nos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na LOE realizarán durante a fase de prácticas un curso de formación específico de terminoloxía, estilos, linguaxes propias da especialidade e aspectos socio-lingüísticos, que lles permita desenvolver correctamente en galego as súas funcións e tarefas.

Así, a Administración educativa de Galicia, os centros de ensino dependentes dela e o persoal ao seu servizo utilizarán, con carácter xeral, a lingua galega e fomentarán o seu uso oral e escrito tanto nas súas relacións mutuas e internas como nas que manteñan coas administracións territoriais e locais galegas e coas demais entidades públicas e privadas de Galicia. Neste sentido, os documentos administrativos da



Consellería de Educación e dos centros de ensino dependentes dela redactaranse, con carácter xeral, en galego; e as actuacións administrativas de réxime interno dos centros docentes, como actas, comunicados e anuncios, redactaranse tamén, con carácter xeral, en galego, agás o referido a comunicacións con outras comunidades autónomas e cos órganos da Administración do Estado radicados fóra da comunidade autónoma, nos que se utilizará o castelán.



## O ENSINO DE IDIOMAS, O FOMENTO DA LECTURA, AS TIC E O DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS CENTRAN O CURRÍCULO DE EDUCACIÓN PRIMARIA EN GALICIA

- Introduce como novidade a obrigatoriedade de impartir lingua estranxeira desde os 6 anos
- A materia de educación para a cidadanía impartirase en 6º curso, con dúas horas semanais
- O decreto establece que todos os centros deberán realizar un proxecto para integrar as tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) no centro
- Ademais, desenvolveranse as competencias básicas e realizarase unha proba de diagnóstico en todos os centros ao final do 2º ciclo

O Consello da Xunta vén de aprobar o decreto polo que se establece o currículo da educación primaria en Galicia, en desenvolvemento da Lei Orgánica de Educación (LOE), que establece como eixe do traballo nesta etapa educativa o desenvolvemento das competencias básicas. Ademais, introduce outras novidades, como a obrigatoriedade de impartir lingua estranxeira desde os 6 anos, a inclusión da materia de educación para a cidadanía en 6º curso, e a realización dun proxecto lector e outro de integración das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) no centro.

O decreto prevé a inclusión no currículo das competencias básicas en comunicación lingüística; matemática; no coñecemento e na interacción co mundo físico; social e cidadá; cultural e artística; para aprender a aprender; na autonomía e iniciativa persoal e no tratamento da información e a competencia dixital. Deste xeito, será preciso que a organización dos centros educativos, as formas de relación de todas as persoas compoñentes da comunidade educativa, as actividades docentes e as complementarias extraescolares incidan no desenvolvemento destas competencias. Así, lograrase encamiñar o alumnado cara ao logro dunha formación integral, tanto na súa vertente persoal coma nas demandas sociais e culturais que faciliten a continuación dos estudos e, posteriormente, a inclusión na vida laboral, pero sempre coa asunción da necesidade de aprender ao longo de toda a vida.

Alguns dos obxectivos da educación primaria establecidos no decreto son coñecer e apreciar os valores e normas de convivencia; adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos; coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas; utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura; e adquirir competencia comunicativa en polo menos unha lingua estranxeira.

Tamén desenvolver competencias matemáticas; coñecer e valorar o contorno natural, social e cultural; iniciarse na utilización das tecnoloxías da información e a



comunicación; valorar a hixiene e a saúde; coñecer a flora e a fauna; desenvolver capacidades afectivas e fomentar a educación viaria.

#### Lingua estranxeira

Como novidade, o estudo da lingua estranxeira adiántase aos 6 anos. O currículo de lingua estranxeira para a educación primaria promove un ensino integrador das linguas, baséase no desenvolvemento progresivo da competencia comunicativa e intercultural, e impulsa a utilización das diversas linguaxes que posibilitan a comunicación: verbal, non verbal, audiovisual e dixital.

Na educación primaria, o estudo da lingua estranxeira terá como meta a paulatina familiarización coa nova lingua e a súa utilización en situacións de comunicación sinxelas e significativas para o alumnado desta idade.

Así mesmo, o centro poderá participar en seccións bilingües, é dicir, a organización do ensino dunha área ou materia non lingüística que se imparte en galego ou castelán e na lingua estranxeira que xa están a cursar os alumnos, de cara a facilitar a súa aprendizaxe.

As áreas que se impartirán en todos e cada un dos cursos da educación primaria, entre as que terán especial consideración polo seu carácter instrumental as linguas e as matemáticas, son coñecemento do medio natural, social e cultural; educación artística; educación física; lingua galega e literatura; lingua castelá e literatura; lingua estranxeira e matemáticas. Ademais, en 6º curso engadirase a área de educación para a cidadanía e os dereitos humanos, na cal se prestará especial atención á igualdade entre homes e mulleres.

Esta materia comprenderá tres bloques. O primeiro leva por título Identidade persoal, e céntrase na construción do alumno a través do traballo da autonomía, da identidade, do recoñecemento e do manexo das propias emocións e sentimentos. O segundo, Identidade social, está centrado na súa construción no sentido de identificarse cos diferentes grupos en que se desenvolve a actividade cotiá do alumnado. O terceiro bloque titúlase Compromiso social, e aborda a construción persoal en vinculación coa realidade social en que se vive.

Algúns dos obxectivos desta materia son identificar e aceptar a propia identidade e desenvolver a autoestima, a afectividade e autonomía persoal na vida cotiá; amosar actitudes contrarias á violencia e aos estereotipos; coñecer e apreciar os valores e normas de convivencia; recoñecer e valorar a diversidade e coñecer os mecanismos fundamentais de funcionamento das sociedades democráticas.





### Avaliación de diagnóstico

Outra das novidades introducidas neste currículo consiste nunha avaliación de diagnóstico censual das competencias básicas alcanzadas polo alumnado, que todos os centros realizarán ao finalizar o segundo ciclo da educación primaria. Esta avaliación, que carecerá de efectos académicos, terá carácter formativo e orientador para os centros, e informativo para as familias e para o conxunto da comunidade educativa.

Ademais, co fin de facilitar a consecución dos obxectivos que a Lei Orgánica de Educación e a Comunidade galega sinalan para as etapas de ensino obrigatorio, os centros educativos deberán elaborar e incluír nos seus proxectos educativos de centro proxectos lectores que integren todas as actuacións do centro destinadas ao fomento da lectura e da escritura e á adquisición de competencias básicas.

Do mesmo xeito, os centros educativos deberán elaborar e incluír nos seus proxectos educativos de centro plans de integración das tecnoloxías da información e da comunicación que implique un cambio metodolóxico e unha adaptación á realidade para un mellor aproveitamento destas tecnoloxías.

Algúns dos obxectivos destes plans son que o alumnado empregue as tecnoloxías da información e a comunicación para o traballo cotián e para as actividades da aula; o intercambio de experiencias e coñecementos; a utilización de programas e contornos que faciliten a aprendizaxe das diferentes áreas do currículo; e o fomento da páxina web do centro como espazo de comunicación.

### Distribución horaria

O decreto atribúe 4 horas semanais ás materias de lingua castelá e literatura e lingua galega e literatura en todos os cursos, excepto en 6º, durante o cal será de 3 horas semanais. En canto á lingua estranxeira, o decreto asígnalle 2 horas á semana no primeiro ciclo, e 3 no segundo e terceiro.

Pola súa banda, a educación artística e a educación física contarán con 2 horas semanais. A materia de matemáticas impartirase durante 5 horas no primeiro ciclo, e 4 no segundo e no terceiro. Coñecemento do medio natural, social e cultural contará con 5 horas no primeiro curso de cada ciclo, e 4 no segundo curso de cada ciclo.

En canto á relixión, en 1º, 3º e 5º curso contará cunha hora, e nos restantes con dúas. A materia de educación para a cidadanía e os dereitos humanos impartirase durante dúas horas semanais en 6º curso.



## EDUCACIÓN ATENDE AS NECESIDADES DE ESCOLARIZACIÓN DE AMES COA CREACIÓN DE DOUS NOVOS CENTROS

- O Colexio de Educación Infantil e Primaria (CEIP) Agro do Miño en Ortoño e a Escola de Educación Infantil (EEI) do Milladoiro contribuirán a desconxestionar o resto dos centros educativos do municipio
- A Administración educativa inviste máis de 3,5 euros nesta acción

O Consello da Xunta vén de aprobar o decreto polo que se crean o Colexio de Educación Infantil e Primaria (CEIP) Agro do Miño, en Ortoño, Ames; e a Escola de Educación Infantil (EEI) de Milladoiro, en Biduído, no mesmo concello. Con esta actuación, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria dá resposta ás necesidades do municipio, que nos últimos anos experimentou un aumento considerable da poboación en idade escolar. O custo total de realización de obras, funcionamento e persoal destes centros ascende a 3.593.798,12 euros.

O CEIP Agro do Muíño conta cun total de 6 unidades de educación infantil e 12 de educación primaria, e a EEI posúe unha capacidade de 12 unidades. Coa creación destes dous centros, desconxestiónase, por un lado, o CEIP de Ventín, que integrará as 6 unidades de infantil que ten catalogadas no novo centro de infantil. Por outra banda, o novo CEIP de Ortoño permitirá a liberación de espazo e matrícula no CEIP Bispo Guerra Campos, que conta con 9 unidades de infantil e 18 de primaria, e no cal resultan imposibles novas actuacións de ampliación.

O custo de profesorado de ambos os centros ascende a 822.453,12 euros, mentres que os gastos de funcionamento son de 47.345 euros, e os custos de obra e equipamento supoñen un investimento de 2.724.000 euros.



## A XUNTA E A ORGANIZACIÓN DE ESTADOS IBEROAMERICANOS COLABORARÁN NUN INSTITUTO PARA O DESENVOLVEMENTO E A INNOVACIÓN EDUCATIVA NA REPÚBLICA DE ARXENTINA

- A Xunta destinará, a través da Dirección Xeral de Cooperación Exterior, 200.000 euros a este proxecto de cooperación educativa
- No programa colaborarán, ademais, a Consellería de Educación e o Ministerio de Educación arxentino
- O apoio á educación infantil e aos dereitos da infancia, a educación en valores, a alfabetización e a formación do profesorado, son os obxectivos deste Instituto para o Desenvolvemento

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, deu o visto e prace ao convenio de colaboración firmado entre a Dirección Xeral de Cooperación Exterior e a Organización de Estados Iberoamericanos para a Educación, a Ciencia e a Cultura (OEI), co fin de pór en marcha o Instituto para o Desenvolvemento e a Innovación Educativa (IDIE). O Goberno galego destinará 200.000 euros a este programa de cooperación educativa no que tamén participarán o Ministerio de Educación do Goberno arxentino e a Consellería de Educación da Xunta de Galicia, que achegará técnicos especialistas en materia educativa.

O IDIE nace coa idea de promover a modernización do modelo de cooperación vixente en Iberoamérica, debido a súa capacidade de creación de coñecemento compartido, de desenvolvemento de competencias técnicas e de recompilación de experiencias, tanto nacionais como internacionais. Ademais, posúe importantes posibilidades de intervención técnica ante as autoridades arxentinas, converténdose nun referente de cooperación do país e de comunicación con outras instancias internacionais, pola súa gran capacidade de proxección, recoñecemento e visibilidade externa.

### Principais obxectivos

Atendendo ás necesidades específicas de Arxentina, os catro eixes temáticos de actividade do IDIE son: o apoio á educación infantil, aos dereitos da infancia, a educación en valores e para a cidadanía; a alfabetización, e a formación e desenvolvemento profesional do profesorado.

Os mecanismos de traballo fundamentais estarán centrados na xestión do coñecemento, incluíndo a divulgación de información e boas prácticas, para incrementar a sensibilización social, política e técnica arredor da problemática educativa; a asistencia técnica a instancias gobernamentais e non gobernamentais para dinamizar o compromiso de mobilización que comporte a execución de iniciativas prácticas para a mellora da calidade do sistema educativo. O deseño dunha oferta formativa destinada a funcionarios, expertos e docentes, é outro dos eixes do proxecto.



## OEI

A Organización de Estados Iberoamericanos para a Educación, a Ciencia e a Cultura (OEI) é a entidade responsable da convocatoria e desenvolvemento das Conferencias Iberoamericanas de Educación, polo que conta co apoio político e técnico en materia de educación, sendo unha entidade de referencia para o encargo de programas educativos por parte do Cumio de Presidentes e Xefes de Estado e de Goberno. Actualmente a OEI é co-responsable do deseño e xestión do Plan Iberoamericano de Alfabetización.



## A VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR COLABORARÁ CON COGAMI NA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN PROFESIONAL PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE FÍSICA

- O Consello da Xunta autorizou a sinatura de dous convenios coa Confederación Galega de Minusválidos para o financiamento de programas formativos cun orzamento de preto de 600.000 euros

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe a sinatura de dous convenios de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Confederación Galega de Minusválidos (COGAMI) para o financiamento do programa de formación profesional e inclusión social de persoas con discapacidade física de Galicia. O primeiro deles refírese ás actividades que se realizarán durante o ano 2007 e que irán dirixidas ás persoas con discapacidade física cun grao de minusvalidez igual ou superior ao 33%. Todas elas centraranse na formación profesional e terán actuacións complementarias de orientación que fomenten a inserción laboral destas persoas, procurando especialmente incrementar a participación na formación e o emprego de mulleres con discapacidade.

Para levar a cabo os obxectivos deste convenio, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar achegará un total de 427.516 euros. Deste importe o 80% corresponde a fondos da Unión Europea, e o 20% restante a fondos da Comunidade Autónoma. Esta cantidade destinarase a gastos de persoal e gastos correntes necesarios para levar a cabo as actividades formativas. Pola súa banda, COGAMI deberá enviar á Xunta de Galicia a relación de beneficiarios de cada curso, ademais de someterse ás actuacións de control e inspección que se efectuarán.

Así mesmo, o Consello autorizou a sinatura dun segundo acordo entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e COGAMI para financiar o programa de formación ocupacional que se impartirá no centro Fingoi que COGAMI ten en Lugo, dirixido a persoas con discapacidade física gravemente afectadas. As accións incluídas no programa fomentarán a inserción laboral destas persoas optimizando e mantendo as súas capacidades e procurando sobre todo a participación de mulleres. Estas actividades encádranse no Proxecto do Programa Operativo do Fondo Social Europeo para o período 2007-2013. A elas a Xunta asignoulles un importe de 156.500 euros, dos cales o 80% corresponden a fondos europeos e o resto a fondos da comunidade autónoma.



## A XUNTA APROBA O PLAN DE REEQUILIBRIO TERRITORIAL, QUE CUN ESFORZO INVESTIDOR DE 3.657 MILLÓNS DE EUROS PROCURA UNHA GALICIA MÁIS COHESIONADA SOCIAL E TERRITORIALMENTE

- O Goberno galego investirá un total de 2.672 millóns de euros nas zonas menos desenvolvidas de Galicia, actuando sobre 254 municipios
- O investimento medio per cápita ascende aos 2.576 euros
- A iniciativa beneficia o 88% da superficie, na cal habitan máis dun millón de persoas, o que representa o 38% da poboación
- As actuacións do plan estrutúranse en catro grandes zonas territoriais e en 25 municipios dinamizadores
- Destaca o esforzo investidor en infraestruturas produtivas e promoción económica, que concentran o 55% do orzamento

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Plan de Reequilibrio Territorial de Galicia 2007-2010, unha iniciativa dotada cun orzamento de 3.657 millóns de euros que ten como principal obxectivo ordenar o territorio como elemento dun crecemento económico equilibrado e sostible, baseado na dinamización económica e no potencial endógeno, na procura dunha Galicia máis cohesionada social e territorialmente.

Trátase dun esforzo investidor sen precedentes co cal o Goberno galego pretende facer fronte a desestruturación que ten xerado unha perda continuada de poboación, de potencial económico e de benestar nunha parte da comunidade galega, sentenciándoa ao illamento e á desertización económica e social.

A iniciativa pretende, polo tanto, corrixir os desequilibrios territoriais, sentando as bases estratéxicas que permitan superar as diferenzas existentes na actualidade, a partir dun proceso de dinamización económica, planificación e coordinación das actuacións das distintas administracións públicas en materia infraestruturas e equipamentos.

### 3.657 millóns e 254 municipios beneficiados

De feito, e para evitar que existan territorios de primeira e de segunda, o plan recolle un investimento total de 3.657 millóns de euros, dos cales 2.672 serán achegados polo Goberno galego e distribuídos entre as zonas menos desenvolvidas de Galicia, actuando sobre un total de 254 municipios. Os 985 millóns de euros restantes serán achegados pola Administración central do Estado.

A dotación orzamentaria que recolle o Plan de Reequilibrio Territorial de Galicia permitirá un investimento per cápita que ascenderá aos 2.576 euros por persoa no período 2007-2010.



### Obxectivos fundamentais

Os obxectivos que se marca o Goberno galego coa posta en marcha deste plan son: planificar, priorizar e coordinar o investimento público en infraestruturas, equipamentos e servizos básicos; impulsar o desenvolvemento económico-empresarial endóxico, estimulando a competitividade e a innovación; desenvolver o potencial urbano e produtivo do territorio, harmonizando as exixencias socioeconómicas coas ecolóxicas e culturais; reforzar a cohesión económica e social entre territorios, garantindo uns niveis de calidade de vida equivalentes para o conxunto da poboación; poñer en valor os abundantes recursos naturais e patrimoniais como elemento fundamental do desenvolvemento turístico sostible; e integrar Galicia nos procesos de transformación económica, social e territorial que xorden do desenvolvemento da sociedade da información.

### Máis dun millón de persoas beneficiadas

O Goberno galego prevé que esta iniciativa beneficie o 88% da superficie total de Galicia e máis dun millón de persoas -1.037.771 persoas-, o que supón o 38% da poboación.

O plan aprobado hoxe polo Goberno galego xorde como resposta a unha diagnose en profundidade da realidade de Galicia, o que permitiu tecer unha estratexia de dinamización para transformar a realidade do país a partir dun enfoque sectorial.

A iniciativa artículase en cinco eidos sectoriais: as infraestruturas produtivas, o ambiente, o equipamento social e vivenda, o medio rural e a pesca, e a promoción económica, arredor das cales se encadran máis de 500 actuacións.

### Municipios con potencial dinamizador

A estratexia de cohesión económica e social do Goberno galego baséase na identificación de municipios con potencial dinamizador que sexan capaces de exercer de elementos tractores dos espazos e lugares do seu arredor. Deste xeito, o plan establece 25 concellos dinamizadores (Viveiro, Burela, Foz, Ribadeo, Vilalba, As Pontes de García Rodríguez, Betanzos, Ordes, A Laracha, Carballo, Laxe-Camariñas, Cee, Noia, A Estrada, Lalín, o Carballiño, Ribadavia, Celanova, Sarria, Monforte de Lemos, A Rúa, O Barco de Valdeorras, Xinzo de Limia, Verín) que actuarán como núcleos de difusión de crecemento que contribúan a unha mellor estruturación territorial e á incorporación e fixación de poboación.

No plan destacan tamén os esforzos en infraestruturas produtivas e promoción económica, que concentrarán o 55% do investimento, arredor de 1.465 millóns de euros en termos absolutos.



Catro zonas territoriais

O Plan de Reequilibrio Territorial 2007-2010 organiza a súa actuación arredor de catro zonas territoriais, sendo a 'Zona 1' a que se estende polo norte da provincia de Lugo, as Mariñas e o interior da provincia ata a capital, así como o norte da provincia da Coruña, os corredores de Ortegál e As Pontes-Vilalba, lindeiros coa área urbana de Ferrol, e as áreas de influencia de Betanzos e Ordes.

Baixo a epígrafe da 'Zona 2' agrúpanse as actuacións que atinxen o territorio da Costa da Morte e as súas extensións na provincia da Coruña; a 'Zona 3' abrangue o espazo interior sur de Lugo e A Coruña e a zona norte interior de Pontevedra. Finalmente, Ourense e a súa prolongación interior sur de Pontevedra ocupan a 'Zona 4'.

**Zona 1: Lugo-A Coruña Norte**

O Plan de Reequilibrio Territorial de Galicia formula unha estratexia de dinamización do norte de Lugo e A Coruña dotada con 600 millóns de euros, que se basea en completar as infraestruturas para mellorar a conectividade co exterior e fortalecer a interior e favorecer a súa promoción económica. Así mesmo, búscase potenciar a implantación industrial no corredor da AG-64 e zonas limítrofes, así como fortalecer a capacidade turística do patrimonio ambiental.

Así, prevense actuacións no eido das infraestruturas produtivas, como o impulso da Vía de Alta Capacidade da Costa Norte que une Ferrol e San Cibrao, coas súas conexións, así como a autovía Ferrol-Vilalba; ambientais, como o saneamento das augas; industriais, como a construción de tres parques empresariais; ou sociais, como a dotación de novos equipamentos sociais.

**Zona 2: A Coruña occidental**

O Plan de Reequilibrio Territorial consagra 606 millóns a potenciar o desenvolvemento da zona occidental da provincia da Coruña, dos cales, 212 van destinados a proxectos de gran relevancia. Nesta área a estratexia de dinamización baséase na construción da rede de conexión co resto de Galicia, na promoción económica da zona e na ampliación dos equipamentos sociais.

Neste marco destacan a rede viaria estruturada arredor da conexión Carballo-A Laracha; a posta en valor do LIC Costa da Morte os programas de rehabilitación patrimonial. Entre as redes de comunicación estruturantes prevense as VAC Carballo-Cee, Brión-Noia, a variante de Noia e a súa prolongación ata Outes/Muros.

**Zona 3: A Coruña Sur-Pontevedra interior**

A dinamización do corredor Sarria-Monforte pretende aproveitar todos os potenciais de crecemento e fomentar o mantemento das actividades existentes. Para esta zona destínanse 747 millóns de euros que se investirán en actuacións





como a VAC Nadela-Sarria-Monforte, o acceso ao Porto Seco de Monforte e a estrada da Fonsagrada, así como a A54, Santiago-Lugo.

Destacan ademais, programas de aproveitamento da enerxía, de apoio ao aproveitamento forestal sustentable, o pulo ao sector agroindustrial e aos programas de promoción industrial. Prevese ademais a posta en marcha da estación biolóxica no LIC dos Ancares-O Courel, ou a ampliación e mellora das redes de saneamento.

#### Zona 4: Ourense-Pontevedra interior sur

Un total de 721 millóns de euros destinaranse ao impulso desta zona, dinamizando o corredor da autoestrada Vigo-Ourense co fortalecemento da zona Salvaterra-As Neves, tirando da plataforma PLISAN como motor, así como impulsando as infraestruturas terrestres Ribadavia-O Carballiño. Preténdese completar, así mesmo, outra comunicación coa Meseta que percorra Valdeorras.

A posta en valor do patrimonio ambiental e cultural como factor de desenvolvemento sustentable, aproveitando que a metade dos parques naturais están nesta zona, é outra das actuacións previstas, así como a preparación de solo industrial e o desenvolvemento agrario e rural.



## POLÍTICA TERRITORIAL FINANCIA CON PRETO DE 481.000 EUROS A URBANIZACIÓN DA RÚA REAL EN NEDA

- O Consello da Xunta aprobou o convenio de colaboración entre a CPTOPT e o Concello
- As obras previstas consisten na pavimentación do último treito da rúa Real, continuando así a rehabilitación do núcleo antigo da localidade

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes achegará un total de 480.829 euros (repartidos en dúas anualidades) para acometer as obras de pavimentación e urbanización do treito final da rúa Real, no núcleo antigo de Neda.

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a CPTOPT e o Concello que ten por obxecto a recuperación dun espazo público urbano para uso dos veciños e dos peregrinos que percorren o Camiño Inglés ao seu paso polo termo municipal de Neda.

As obras previstas consisten na pavimentación do último treito da rúa Real, continuando así a rehabilitación do núcleo antigo da localidade. O proxecto prevé a substitución da capa de rodadura actual de asfalto por outra de lousas de pedra de granito silvestre, polo que, deste xeito se recupera a pavimentación primitiva da ruta do Camiño Inglés homoxeneizando o pavimento de toda a vía.

A actuación complétase coa implantación de servizos básicos de distribución de auga potable, saneamento de augas pluviais e fecais, redes de subministración e distribución de enerxía eléctrica, luz pública e telecomunicacións.

O financiamento da obra é por conta da Consellería de Política Territorial, mentres que o Concello de Neda deberá poñer á disposición os terreos e tramitar as licenzas e os permisos necesarios para levar a cabo o proxecto. Así mesmo, unha vez rematadas as obras, o Concello de Neda será o encargado da explotación e conservación das obras.

Esta actuación enmárcase dentro dos obxectivos da Consellería de Política Territorial de executar obras en contornos urbanos coa finalidade de adecuar espazos desde o punto de vista ambiental e urbanístico e, deste xeito, incrementar as dotacións e mellora das instalacións para uso cidadán.



## INNOVACIÓN E INDUSTRIA E AS UNIVERSIDADES PÚBLICAS GALEGAS REEDITAN O CONVENIO UNIORTA DE AXUDA AOS ESTUDANTES NA COMPRA DE ORDENADORES PORTÁTILES

- A Xunta asinará un convenio de colaboración coa USC, a UVIGO e a UDC para a promoción do acceso a ordenadores portátiles polos alumnos universitarios
- Prevé un orzamento de 400.000 euros para 2007 e de 500.000 euros para 2008

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e as universidades de Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña para a posta en marcha dunha nova edición do programa Uniporta, que ten por obxecto a axuda aos estudantes universitarios na compra de ordenadores portátiles.

O convenio insírese no marco de colaboración institucional coas entidades académicas, co fin de facilitarlle á comunidade universitaria o acceso aos servizos e contidos da internet e das intranet universitarias, dun xeito deslocalizado e flexible, mediante a adquisición por parte dos alumnos de ordenadores portátiles con conectividade sen fíos. Así mesmo, procura o desenvolvemento de actuacións complementarias de apoio ao programa: difusión, sensibilización ou promoción, entre outras.

A iniciativa vai dirixida a calquera estudante matriculado nas universidades públicas galegas, tanto de primeiro, segundo e terceiro ciclo coma dos posgraos oficiais. Así mesmo, están incluídas no programa as escolas adscritas ás universidades dos campus galegos.

O convenio, que terá carácter bianual prevé un orzamento de 400.000 euros para 2007 e de 500.000 para 2008, achegados integramente pola Consellería de Innovación e Industria. A axuda individual será de 200 euros e universal, destinada sen discriminación a todo o alumnado universitario.



## O PROGRAMA ESTRATÉXICO DE INFRAESTRUTURAS NO MEDIO RURAL INVESTIRÁ MÁIS DE 6 MILLÓNS DE EUROS PARA MELLORAR DOTACIÓNS BÁSICAS DO SECTOR PRODUTIVO

A Consellería do Medio Rural desenvolve outra nova fase do Programa Estratéxico de Infraestruturas (PEIM), de acordo con proxectos de dinamización da base produtiva e de obras de servizos básicos, na cal asinará convenios cos concellos para a execución de 71 proxectos cun investimento plurianual de 6.058.145 euros, tal como acordou o Consello da Xunta.

O Programa Estratéxico de Infraestruturas no Medio Rural prevé a realización de proxectos en todos os concellos de Galicia, desenvolvidos de acordo cuns criterios de dinamización da base produtiva, co obxectivo de dignificar e mellorar a calidade de vida da poboación; de infraestruturas de servizos básicos como abastecementos de auga domiciliaria, saneamentos, camiños agrícolas ou pistas rurais; así como aqueles de singular natureza que entren nas competencias da Consellería.

Nesta segunda fase de 2007 investiranse 6.058.145 euros, repartidos en tres anualidades, nos seguintes concellos: Ares, Cee, Ferrol, Oleiros, Baleira, Friol, Navia de Suarna, Pantón, A Pobra do Brollón, Taboadela, O Valadouro, Allariz, Bande, Vilar de Barrio, Crecente, Salvaterra, Valga, Rois, Cervantes, Triacastela, Láncara, Palas de Rei, Ribadeo, Samos, Ceglie, San Amaro, Entrimo, Rairiz de Veiga, Fornelos de Montes, Portas, Trasmiras, Vilamartín de Valdeorras, Boiro, Camariñas, Carnota, Carral, Cesuras, Coristanco, A Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños, Rianxo, Abadín, Guitiriz, Mondoñedo, Monforte de Lemos, Pedrafita do Cebreiro, Pol, A Pontenova, Sarria, Trabada, Xermade, A Arnoia, Baños de Molgas, A Gudiña, Maceda, Padrenda, Pontedevea, Taboadela, Xinzo de Limia, Xunqueira de Ambía, Cotobade e Mos.

Ademais, asináronse addendas de modificación de convenios de colaboración cos concellos de Taboadela, Carnota, Arbo, Vilagarcía de Arousa e Vilamarín, por valor de 95.419 euros en total.

O PEIM naceu co fin de racionalizar, mediante a introdución de criterios obxectivos acordados coa FEGAMP, os investimentos en obras de infraestruturas destinadas a mellorar a calidade de vida dos habitantes das zonas rurais e a potenciar o seu desenvolvemento, coa dotación de equipamentos públicos e de servizos básicos elementais necesarios para contribuír a fixar poboación.



## A CÁTEDRA ALEXANDRE BÓVEDA PROMOVERÁ A INVESTIGACIÓN DO GALEGUISMO HISTÓRICO

- A cantidade fixada no convenio para este ano e para o que vén ascende a 120.000 euros, dos cales a Consellería de Cultura achegará a metade

O Consello da Xunta acordou esta mañá a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte, a entidade financeira Caixanova, o Concello de Pontevedra e a Universidade de Vigo para a posta en marcha, no campus de Pontevedra da Universidade de Vigo, dunha cátedra universitaria que, co nome de Alexandre Bóveda, estudará e dará a coñecer a figura deste político e, en xeral, o movemento galeguista da súa época, o chamado galeguismo histórico.

As entidades participantes asinarán un convenio no cal plasmarán a súa colaboración para a creación da cátedra e para a realización de diversas actividades e proxectos culturais. A cantidade fixada no convenio para este ano e para o que vén ascende a 120.000 euros, dos cales a Consellería de Cultura achegará a metade.

A Cátedra Alexandre Bóveda desenvolverá proxectos de investigación e organizará actividades académicas como cursos, conferencias, simposios ou seminarios. Así mesmo, tamén pretende apoiar a mobilidade de estudades e de persoal docente e fomentar a realización de proxectos culturais de interese colectivo. A cátedra tamén compilará e analizará os documentos da familia Bóveda e doutras fontes sobre o galeguismo histórico.



## A XUNTA COLABORARÁ MEDIANTE UNHA ACHEGA ECONÓMICA DE 621.500 EUROS CON DIFERENTES FEDERACIÓNS DEPORTIVAS GALEGAS

O Goberno galego autorizou, na súa reunión deste xoves, a sinatura de catro novos convenios de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte e diferentes federacións deportivas co obxecto de axudar a sufragar os gastos ordinarios destas entidades e a desenvolver programas de actividades de promoción das diferentes modalidades. O importe total que se achegará, ao abeiro dos catro convenios que se asinarán proximamente, é de 621.500 euros, que se veñen sumar a outros acordos, cuxa sinatura xa foi autorizada polo Consello da Xunta en pasadas semanas.

Así, o Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio entre a Consellería de Cultura e Deporte e a Federación Galega de Billar, ao abeiro do cal o Goberno autonómico achegará un total de 49.500 euros. Paralelamente, destinaranse 167.000 euros a un convenio coa Federación Galega de Tenis de Mesa. Doutra banda, para o convenio coa Federación Galega de Fútbol Sala achegárase un total de 230.000 euros e, finalmente, para o convenio coa Federación Galega de Voleibol dispórase unha partida orzamentaria de 175.000 euros.



## SANIDADE COLABORARÁ CON 29.000 EUROS CO CONSELLO DA XUVENTUDE DE GALICIA NO DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE PREVENCIÓN DA INFECCIÓN POLO VIH

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e o Consello da Xuventude de Galicia para o desenvolvemento de actividades relacionadas coa prevención da infección polo virus de inmunodeficiencia humana. Para tal efecto, a Administración sanitaria achegará 29.000 euros, distribuídos en dúas anualidades (2007 e 2008) de 14.500 euros.

Os obxectivos xerais deste convenio son, por unha banda, contribuír á prevención e ao control da epidemia do VIH/Sida e outras enfermidades transmisibles nos mozos e mozas galegos, así como nos universitarios ou traballadores. Por outra banda, busca diminuír a incidencia das enfermidades de transmisión sexual, favorecendo e fomentando a adquisición de hábitos de vida saudables entre a poboación.

A importancia e magnitude da infección polo VIH, así como doutras enfermidades de transmisión sexual e doutras patoloxías transmisibles e as súas consecuencias, obriga a Consellería de Sanidade a impulsar e potenciar os esforzos socio-sanitarios neste campo co obxectivo de diminuír e, se é posible, evitar a súa transmisión.

Tanto universitarios, traballadores mozos, adolescentes e mocidade en grupos de risco, son poboación diana prioritaria para os programas de prevención, polo que Sanidade considera que a colaboración con organizacións que desenvolven o seu traballo neste ámbito é fundamental.

Esta colaboración entre o Consello da Xuventude e a Consellería de Sanidade, establecido por medio da súa Dirección Xeral de Saúde Pública, xa leva varios anos en funcionamento, dando resultados moi positivos.



## A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO ASINAN UN CONVENIO PARA IMPLANTAR O REXISTRO DE EMISIÓNS E TRANSFERENCIAS DE CONTAMINANTES PARA GALICIA

- A creación deste censo enmárcase dentro da directiva europea que establece un marco integrado de prevención e control da contaminación, que prevé a disposición de información sistematizada en cada comunidade autónoma

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e a Universidade de Santiago de Compostela asinarán un convenio de colaboración co obxecto de implantar o Regulamento 166/2006, do Parlamento Europeo e do Consello, no ámbito da elaboración dun Rexistro de Emisións e Transferencias de Contaminantes (Prtr) para Galicia. Trátase dun instrumento de reporte de substancias químicas que certo tipo de industrias emite ao aire, a auga e solo, que poden ocasionar impactos sobre o ambiente ou a saúde humana.

O acordo prevé que os investigadores da Universidade de Santiago leven a cabo unha serie de traballos, coordinados pola consellería, a través da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental. As investigacións permitirán ampliar rexistros ou datos xa existentes como os das emisións atmosféricas, á auga ou ao solo, así como afondar noutros parámetros como o das emisións difusas.

Os traballos permitirán dar cumprimento á normativa europea relativa ao Rexistro Europeo de Emisións e Transferencias de Contaminantes, que prevé a disposición de información sistematizada na comunidade autónoma.

A Consellería de Medio Ambiente, que ten entre as súas funcións o control da calidade do aire en Galicia, outorgará 240.808 euros á Universidade de Santiago, entre este ano e o 2009 (inclusive) para a realización dos traballos que leven á implantación do devandito rexistro.





## MEDIO AMBIENTE INVISTE 310.000 EUROS NA DOTACIÓN E MELLORA DO ABASTECIMENTO DE AUGA A VARIOS NÚCLEOS DO CONCELLO DE CERVANTES (LUGO)

- As obras consistirán na instalación da rede de abastecemento aos núcleos rurais de San Román, Sabadelle, Couso e Tarnas, e a mellora da rede en Vilaluz

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible investirá 310.000 euros na dotación de abastecemento de auga aos núcleos de San Román, Sabadelle, Couso e Tarnas, e a mellora da rede en Vilaluz, no concello lucense de Cervantes. O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración entre a Consellería e o Concello para a execución das obras, que serán financiadas na súa totalidade polo departamento autonómico, con cargo aos orzamentos do Organismo Autónomo Augas de Galicia.

As obras para dotar de abastecemento as aldeas de San Román, Sabadelle, Couso e Tarnas consistirán na instalación dun tubo con capacidade para levar 1.000 metros cúbicos diarios de auga, que se conectará desde o punto da toma co depósito existente en San Román. Desde este depósito realizarase a distribución ata estes núcleos, que na actualidade carecen dunha rede xeral de subministración e que se abastecen de pozos particulares. A lonxitude total das conducións, incluíndo a rede de distribución ata as aldeas, é de 16.500 metros.

Así mesmo, a mellora do abastecemento en Vilaluz prevé a construción dun depósito cunha capacidade de 100 metros cúbicos e unha rede de tubos de distribución cunha lonxitude de 800 metros. O prazo de execución das obras é de nove meses.



## A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE REALIZARÁ MELLORAS DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NOS CONCELLOS CORUÑESES DE NEDA E PADERNE, CUN INVESTIMENTO CONXUNTO DE 724.128 EUROS

- O Consello autorizou hoxe a colaboración entre a Consellería e ambos concellos, e tamén deu o visto e prace á sinatura dun convenio co Concello de Boimorto para a adecuación do contorno da Lagoa de Boimil, no que Medio Ambiente investirá 143.368 euros
- No municipio de Paderne acometerase a segunda fase do saneamento na parroquia de Souto, coa instalación dunha rede que levará as augas residuais a tres depuradoras sitas na zona
- En Neda instalarase un tubo para canalizar o abastecemento desde as inmediacións do río Basteiro ata a estación de bombeo dos Pazos, co fin de mellorar a subministración de auga na parte alta do municipio

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible realizará melloras de abastecemento e saneamento nos municipios coruñeses de Neda e Paderne, cun investimento conxunto de 724.128 euros. O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración técnica e financeira entre a Administración autonómica e ambos concellos para acometer as obras. O Goberno galego tamén deu o visto e prace á sinatura dun convenio entre o departamento que dirixe Manuel Vázquez e o concello coruñés de Boimorto, mediante o cal a Consellería destinará 143.368 euros á adecuación do contorno da Lagoa de Boimil.

### Paderne

No concello de Paderne executarase a segunda fase das obras de saneamento na parroquia de Souto, cun investimento de 392.456 euros, que serán financiados na súa totalidade pola Consellería de Medio Ambiente a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH). O custo das actuacións distribuirase en dúas anualidades, cunha partida de 200.000 euros con cargo aos orzamentos de 2007 e de 192.456 euros en 2008.

O proxecto ten un prazo de execución de catro meses, e consistirá na instalación dunha rede de saneamento en varios núcleos da parroquia de Souto, que levarán as augas residuais a tres depuradoras da zona, dúas das cales son de nova instalación e teñen capacidade para 200 habitantes cada unha.

### Neda

As obras de mellora do abastecemento no municipio de Neda contan cun orzamento de 331.672 euros, e estarán financiadas nun 70% pola Consellería de Medio Ambiente, a través da EPOSH, que achegará 232.170 euros, mentres que o Concello de Neda aboará o 30% restante, é dicir, 99.502 euros.



O proxecto, cun prazo de execución de tres meses, prevé a ampliación da rede de abastecemento do municipio, cunha condución de auga directa dende o río Basteiro ata o bombeo existente no barrio de Os Pazos, que permitirá incrementar a subministración de auga, que resulta insuficiente nas zonas altas do concello. Tamén se acometerá a substitución das bombas existentes nos Pazos, que na actualidade teñen capacidade para bombear 60 metros cúbicos por hora, e que pasarán aos 170 metros cúbicos por hora.

Actualmente a poboación do concello de Neda recibe a achega maioritaria de auga do canal da Mariña e dun aproveitamento do manancial A Peteirella. Ambas captacións trátanse na ETAP dos Pazos, e desde esta almacénase a auga tratada nos depósitos de distribución, cunha capacidade conxunta de 1.300 metros cúbicos. Tamén existe outro bombeo que alimenta o denominado Depósito Alto, de 600 metros cúbicos de capacidade, que subministra auga ás parroquias de Casadelos, Mourela e O Roxal, mentres que a parroquia da Cruz do Pouso conta cun depósito cun volume de 100 metros cúbicos.

#### Adecuación Lagoa de Boimil

Por outra parte, o Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o Concello coruñés de Boimorto, para a adecuación do conorno da lagoa de Boimil. Mediante este acordo, Medio Ambiente achegará 143.368 euros para este proxecto, distribuídos en dúas anualidades; a primeira, de 60.910 euros con cargo aos orzamentos de 2007 e a segunda, de 82.457 euros, aos de 2008.

As actuacións previstas no convenio, que estará vixente ata decembro do vindeiro ano, son a limpeza do contorno da lagoa de Boimil, o arranxo de camiños, instalación de cerramentos, construción dunha plataforma de observación, revexetación e plantación de novas especies.



## A XUNTA AUTORIZA A PRÓRROGA DAS BOLSAS DE FORMACIÓN DE PERSOAL ESPECIALISTA E AUXILIAR EN INVESTIGACIÓN MARIÑA

- A Consellería de Pesca investirá máis de 100.000 euros na continuidade, por un ano máis, de 12 bolseiros dedicados á investigación mariña en centros dependentes deste departamento
- O obxectivo destas axudas, correspondentes ao Programa Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (PGIDIT) é fomentar a investigación científica e a innovación tecnolóxica para promover o desenvolvemento económico, social e produtivo de Galicia

O Consello da Xunta autorizou hoxe o compromiso plurianual para a prórroga das bolsas de formación de persoal auxiliar e especialista en temas de investigación mariña, correspondentes ao PGIDIT, que foran convocadas pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos a través da Orde do 17 de agosto de 2006 e a Orde do 18 de agosto de 2006, respectivamente. Con esta prórroga dáselles continuidade, por un ano máis, a 12 bolseiros dedicados á investigación mariña en diversos centros dependentes do departamento que dirixe Carmen Gallego. Para esta acción, Pesca achegará un total de 112.034,80 euros, distribuídos nas anualidades 2007 e 2008, de cara a facer fronte á asignación mensual bruta e aos gastos de seguros dos investigadores. En concreto destinaranse 66.420 euros para as nove bolsas do persoal auxiliar e 45.614,80 para as tres axudas dos investigadores especialistas.

A convocatoria destas axudas forman parte do Programa Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (PGIDIT), creado polo Goberno galego coa finalidade de fomentar a investigación científica e o desenvolvemento e innovación tecnolóxica de cara a promover o desenvolvemento económico, social e produtivo de Galicia. Neste programa inclúense liñas de actuación horizontais e verticais de recursos humanos destinadas a incrementar o número de persoal dirixido a actividades de I+D+i. Así mesmo, recolle un plan dedicado aos recursos mariños que ten como propósito actuar sobre dúas áreas fundamentais neste eido: a pesca e a acuicultura, que cada vez exixen unha maior presenza de persoal con altos niveis de formación e experiencia.

Deste xeito, na Orde do 17 de agosto de 2006, da Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro, convocáronse nove bolsas para persoal auxiliar de investigación mariña (Técnicos Especialistas en FP2 e técnicos superiores de ciclos formativos de grao superior) co obxectivo de que puidesen complementar a súa formación como persoal auxiliar de investigación mariña. Así, dáselles a oportunidade de participar en experiencias e programas específicos de investigación e facilítaselles unha preparación práctica cualificada, que é de



probada utilidade para a súa inserción posterior na vida empresarial. Pola súa banda, na Orde do 18 de agosto de 2006 convocáronse tres bolsas para a formación de persoal especialista en temas de investigación mariña (titulados superiores universitarios) para a realización de teses de doutoramento vinculadas con este tema.

Ambas as dúas convocatorias establecían a duración das bolsas en 12 meses, comprendidos entre o 1 de outubro de 2006 e o 30 de setembro de 2007, pero prevendo a posibilidade dunha prórroga automática logo da presentación da documentación requirida aos bolseiros, antes do 1 de xullo para o persoal auxiliar e antes do 1 de agosto para o persoal especialista.



A APOSTA POLA COMPETITIVIDADE DOS PORTOS E O FOMENTO DO TRANSPORTE MARÍTIMO, O INCENTIVAMENTO DAS ENERXÍAS RENOVABLES, A RECUPERACIÓN DE ECOSISTEMAS DEGRADADOS E A PROCURA DA SUSTENTABILIDADE MARCAN OS EIXOS DA POSTURA GALEGA SOBRE O LIBRO VERDE DE POLÍTICA MARÍTIMA DA UE

- Pesca presentou no Consello da Xunta un informe sobre o Libro Verde de Política Marítima da UE
- Tamén se promoverá o turismo náutico e a náutica de recreo, a protección ambiental dos ecosistemas mariños, a seguridade marítima e o reforzo da educación, a cultura e a sensibilización en relación co mar
- A Consellería de Pesca coordina a posición galega sobre este documento, así como a do resto de autonomías e das rexións pertencentes á Comisión do Arco Atlántico, que se recollen noutros dous textos dirixidos á UE

A Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos informou hoxe no Consello da Xunta de Galicia das conclusións das reunións mantidas polo Grupo de Traballo Interdepartamental, encargado de elaborar a posición de Galicia no marco do debate aberto pola Comisión Europea en xuño de 2006 sobre unha futura política marítima.

A partir desta iniciativa comunitaria abriuse un período de reflexión dun ano, ata xuño de 2007, no que foron convidados a participar todos os colectivos que considerasen conveniente transmitir á Comisión Europea as súas reflexións sobre o tema. Galicia, como comunidade autónoma con intereses moi importantes vinculados ao mar, tiña a obriga de elaborar unha reflexión moi meditada en relación con esta iniciativa comunitaria. Cómpre recordar que un libro verde é o primeiro paso nun longo camiño que no seu día se verá traducido en normas de obrigado cumprimento e que, se Galicia quere defender axeitadamente os seus intereses, ten que actuar decididamente desde o primeiro momento.

Nesta liña, a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos creou un grupo de traballo interdepartamental que se reuniu en diversas ocasións no Cetmar e que reuniu representantes doutros departamentos autonómicos e as autoridades portuarias dependentes do Goberno galego e da Administración xeral do Estado, implicadas nas accións do Libro Verde de Política Marítima. As funcións deste grupo foron as seguintes: elaborar un documento de posicionamento desde Galicia, propugnar a creación dun grupo interautonomías e coordinar as reunións para dar resposta ao Libro Verde. Estes traballos culminaron neste mes de xuño coa celebración dunhas xornadas en Vigo, ás cales asistiron representantes do Parlamento e da Comisión Europea e representantes do Goberno central, entre outras autoridades.



Despois de diversas xuntanzas, os participantes consensuaron un documento no que apuntaron os campos sobre os cales o Libro Verde debe actuar. Entre os máis importantes destacan:

**Transportes:** aposta pola competitividade dos portos e o fomento do transporte marítimo como medio menos contaminante. Como instrumentos concretos, o grupo de traballo aposta por favorecer a intermodalidade e o artellamento do transporte marítimo con outras alternativas; impulsar as cadeas loxísticas para aumentar o valor; simplificar os procedementos e redución de instrumentos de normalización, así como ampliar as responsabilidades no campo da xestión e da explotación marítimo-portuaria.

**Enerxía:** apostar polas enerxías renovables e rendibles, contribuíndo deste xeito á redución da dependencia enerxética externa e á emisión de gases de efecto invernadoiro, aproveitando os recursos existentes no mar.

**Pesca e acuicultura:** asegurar a sustentabilidade na explotación dos recursos; incrementar o valor definindo e instaurando áreas mariñas protexidas; recuperar ecosistemas degradados; reforzar sistemas de arrecifes artificiais; fomentar a investigación e o desenvolvemento na acuicultura, e garantir a rendibilidade económica e ambiental. Por outra parte, o grupo de traballo avoga por acadar un nivel de vida xusto para os traballadores do mar; potenciar e favorecer a renovación da frota artesanal e de litoral; o mantemento da pesca industrial; potenciar as sociedades mixtas; aminorar e eliminar condutas que poñan en perigo a actividade pesqueira e o ecosistema mariño, e propiciar un marco xurídico e financeiro estable para a acuicultura. Así mesmo, apóstase pola creación dun segundo rexistro para buques pesqueiros de altura e por estudar a aplicación de beneficios fiscais e laborais para as frotas e empresas pesqueiras.

**Turismo, lecer e náutica de recreo:** avógase por valorizar o mar como diferenciador da oferta náutica, estimulando as actividades asociadas ao mar.

**Defensa nacional e aspectos vinculados á seguridade:** clarificar as atribucións e as áreas de intervención e coordinación das entidades en prevención e loita contra a contaminación, seguridade na navegación e protección da salvagarda da vida no mar, atenuando os riscos naturais, e aplicando o principio de tolerancia cero e a máxima "quen contamina paga".

**Protección ambiental e conservación da natureza:** asegurar o bo funcionamento e mantemento dos servizos dos ecosistemas mariños e costeiros, promovendo a protección da biodiversidade, salvagardando as áreas esenciais para a conservación e a xestión de recursos vivos e non vivos. Potenciación de áreas mariñas protexidas.



Xestión integrada da relación mar-terra, con especial coidado na ocupación residencial e industrial da zona costeira coa fin de equilibrar a eficacia produtiva en bens e servizos, o benestar dos cidadáns residentes e a sustentabilidade.

Impulso á ciencia, tecnoloxía e innovación: investindo en recursos humanos cualificados, proxectos e infraestruturas de ciencia e tecnoloxía. Promocionar os centros integrados que abrangan todos os aspectos da rede de I+ D e promovan a formación de investigadores de calidade, participando simultaneamente en redes internacionais.

Adaptación da formación profesional marítima ás novas demandas, homologando as titulacións en toda Europa, fomentar a súa calidade e controlar a cualificación profesional e a seguridade no traballo no mar.

Reforzo da educación, a cultura e a sensibilización en relación co mar, incluíndo nos programas escolares aqueles temas oceánicos máis relevantes, promocionando as actividades marítimas, fomentando os ensinamentos navais e náuticos, valorizando o patrimonio cultural subacuático e a educación ambiental.

Promoción externa da identidade marítima e da oferta produtiva de bens e servizos vinculados ao mar, así como da oferta científica, promovendo ao tempo a centralidade atlántica de Galicia.

#### Arco Atlántico e Grupo de Traballo Interautonomías

Galicia, ademais de ser a encargada de presentar a proposta galega ao Libro Verde, tamén foi elixida para coordinar a contribución a este documento de todas as rexións atlánticas de España, Francia, Portugal e Reino Unido, reunidas na chamada Comisión do Arco Atlántico. Galicia desempeña un papel destacado neste organismo xa que, a través da Consellería de Pesca, lidera e coordina o grupo de traballo Pesca desta comisión. Para a coordinación dos traballos con este organismo contactouse con 25 rexións atlánticas para solicitar a súa achega ao Libro Verde de Política Marítima, e para iso contouse co apoio da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores. O documento final, redactado por Pesca, foi presentado posteriormente a todas as rexións para recibir o seu visto e prace e, posteriormente, foi remitido á Unión Europea.

Así mesmo, a nosa autonomía tamén propugnou a creación do Grupo de Traballo Interautonomías sobre o documento comunitario, e encargouse da súa coordinación, dada a súa implicación en todas e cada unha das materias que se recollen nel, desde a pesca e a acuicultura ata as industrias naval, comercial e deportiva, pasando polo turismo, a protección ambiental, centros de investigación e formación, entre outros. Neste grupo de traballo, a Consellería de Pesca estivo a





traballar man a man con representantes de varios departamentos das comunidades autónomas do litoral e dos ministerios de Asuntos Exteriores e Cooperación e de Administracións Públicas en diversas reunións que tiveron lugar en Madrid. O departamento que dirixe Carmen Gallego foi o encargado de recoller e recompilar as achegas das autonomías nun só documento que serviu de base para as reunións de traballo, co obxectivo de elaborar un texto final, suscrito polas autonomías con litoral, que será remitido á UE.

#### Xornadas sobre o Libro Verde

Ademais das diferentes reunións realizadas coa finalidade de acadar achegas e unha postura definida e integradora con respecto ao Libro Verde de Política Marítima e das cales Galicia é coordinadora, a Consellería de Pesca tamén levou a cabo a organización dunhas xornadas sobre este documento, que tiveron lugar na cidade de Vigo os pasados días 25 e 26 de xuño.

Neste encontro, que contou coa presenza de representantes da Unión Europea, do Estado, das comunidades autónomas e dos sectores afectados, os participantes compartiron a iniciativa lanzada pola Comisión Europea de presentar unha visión do espazo marítimo enfocada á definición dunha estratexia multidisciplinar, integradora e unificadora da política marítima, que permitiu reflexionar detidamente sobre todas as actividades vinculadas a este ámbito, a pesca, o turismo, o naval, a investigación ou a formación, entre outros moitos. Así mesmo, puideron chegar entre todos unhas conclusións de moita relevancia para a que será a proposta que realice Galicia á Comisión Europea sobre o Libro Verde de Política Marítima.



## A XUNTA CONSIDERA POSITIVOS AOS ACORDOS AOS QUE CHEGOU O SECTOR AGROALIMENTARIO NO PROCESO DE RENOVACIÓN DOS CONSELLOS REGULADORES

- O Consello da Xunta aprobou hoxe un informe do departamento de Medio Rural no ***que se gaba “a madurez e responsabilidade”*** con que os distintos sectores afrontan esta renovación nos 7 consellos en que están convocadas eleccións.
- Nun principio estaban previstos 34 procesos electorais para a designación de 86 vogais pero, finalmente, froito dos acordos e da presentación de candidaturas únicas, só se celebrarán eleccións en 6 censos que afectan a 12 vocais.
- Mediante este proceso, os consellos adquirirán unha maior profesionalización, democratización e independencia e, no prazo de 6 meses, deberán actualizar o seu regulamento á Lei de calidade agroalimentaria de Galicia.

A Consellería do Medio Rural, nun informe presentado hoxe no Consello da Xunta, gaba a “madurez e responsabilidade” con que están afrontando os membros do sector agroalimentario galego o proceso de renovación dos consellos reguladores. Un proceso que se realiza ao abeiro do Decreto 4/2007 do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores e que, nunha primeira etapa, se centra en sete destes órganos: as cinco D.O. dos viños e as IXP Ternera Gallega e Pataca de Galicia. Tal e como se recolle neste informe, “o vindeiro outono está previsto que se realice a renovación dos órganos de decisión dos outros nove consellos reguladores existentes en Galicia (as DD.XX. dos licores e augardentes de Galicia, as catro D.O. de queixos, as IXP Lacón Gallego, Pan de Cea e Mel de Galicia e, por último, a Agricultura Ecolóxica)”.

En relación co proceso en marcha, que fixa para este domingo a renovación do pleno dos sete órganos xa mencionados, o informe de Medio Rural lembra que, nun principio estaban convocados a participar 34 censos (correspondentes ao sector produtor, cooperativo e transformador) para a elección dun total de 86 vocais. Pero finalmente -froito dos acordos entre as distintas organizacións agrarias que representan o sector produtor e cooperativo, e da presentación dunha única candidatura nalgúns censos,- xa se proclamaron como vogais electos 74 persoas en representación de 28 censos, sen que sexa necesaria, polo tanto, a celebración de eleccións nestes casos.

Esta circunstancia, que está recollida no artigo 50 do Decreto 4/2007, demostra, segundo se recolle no informe aprobado polo Consello “unha aposta clara pola profesionalización dos sectores implicados nas distintas denominacións de calidade e unha proba de madurez, da cal se desprende que a partir de agora os vogais electos están plenamente capacitados para tomar as decisións máis relevantes que rexerán o futuro inmediato dos distintos consellos reguladores”. Precisamente, entre as



competencias dos novos plenos está a adaptación do regulamento dos CC.RR. á Lei de Calidade Agroalimentaria de Galicia, xa que nestes namentres nalgún caso aínda data de épocas preconstitucionais, e a elección da fórmula de certificación da calidade dos produtos amparados por cada denominación. Tamén lles corresponderá a designación dos novos presidentes e vicepresidentes destes órganos, prevista para finais do vindeiro mes. Mediante a reforma impulsada polo Goberno galego no Decreto 4/2007, os presidentes serán elixidos polos membros do Pleno de cada Consello.

Así pois, este domingo celebraranse eleccións en 6 censos do sector transformador das D.O. Rías Baixas (4), Ribeiro (1) e Valdeorras (1), que permitirán a elección dos 12 vogais que nestes momentos faltan por proclamar.



## A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE DÁ CONTA AO CONSELLO DA XUNTA DE DECLARACIÓN DE EMERXENCIA DE OBRAS, POR IMPORTE DE 14,5 MILLÓNS DE EUROS, PARA O SANEAMENTO DAS RÍAS GALEGAS

- As actuacións teñen como obxectivo reducir a contaminación microbiolóxica das zonas de produción de moluscos bivalvos
- O Consello da Xunta aprobou o plan de emerxencia no pasado mes de abril, estando xa contratadas gran parte das obras: nas rías de Baiona, Pontevedra, A Coruña-O Burgo, Vigo e Arousa
- As obras consistirán na mellora dos sistemas de depuración, que tamén se executarán, pola mesma vía de emerxencia, nas rías do Barqueiro, Ares-Betanzos, Viveiro, Ferrol, Corme e Laxe, Cee-Corcubián e Muros-Noia

O Consello da Xunta deu conta hoxe da declaración de emerxencia, tal e como obriga a Lei de Contratos de Administracións Públicas, de parte das obras incluídas no Plan de saneamento integral das rías galegas que puxo en marcha o Goberno galego, a través das consellerías de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e Pesca e Asuntos Marítimos, por un importe de 14.580.793 euros. O obxectivo é reducir a contaminación microbiolóxica das zonas de produción de moluscos bivalvos, mediante unha serie de actuacións consideradas prioritarias, gran parte das cales xa foron contratadas.

As actuacións consisten nunha serie de melloras nos sistemas de depuración existentes nas rías do Barqueiro, Ferrol, Ares-Betanzos, A Coruña-O Burgo, Corme e Laxe, Cee-Corcubián, Muros e Noia, Arousa, Pontevedra, Vigo e Baiona. As obras que se van realizar nestas rías galegas céntranse na mellora e desinfección de estacións depuradoras de augas residuais, mellora dos sistemas de bombeo e eliminación de verteduras directas de augas residuais á ría, estando gran parte delas xa contratadas e en execución.

Así, na ría do Barqueiro realizaranse melloras nos colectores xerais e na EDAR; na ría de Viveiro eliminaranse os focos de verteduras á ría; en Ferrol acometeranse melloras na EDAR, de Neda e na ría de Ares-Betanzos está previsto realizar melloras nas depuradoras de Betanzos, Miño e Sada e no sistema de desinfección da EDAR de Cabanas-Pontedeume. Na ría da Coruña-O Burgo realizaranse obras no colector da marxe esquerda; na ría de Corme e Laxe as obras centraranse na mellora do sistema de asentamento e o novo sistema de desinfección da EDAR de Ponteceso; na ría de Cee-Corcubián realizaranse melloras na depuradora e na de Muros-Noia no sistema de desinfección da EDAR de Outes.



Na ría de Arousa realizaranse melloras e desinfección nas depuradoras de Rianxo e Boiro, e melloraranse os bombeos na Mancomunidade do Salnés (Vilanova de Arousa e Cambados) e as depuradoras de Meaño, Lestrove (Padrón) e Vilagarcía de Arousa. As actuacións de emerxencia na ría de Pontevedra consistirán na mellora dos bombeos e rede de saneamento en Poio; eliminación de pluviais da rede de saneamento na parroquia de Etribela, en Marín; a instalación do sistema terciario na EDAR de Placeres; conexión á rede de saneamento na marisma de Lourizán (Marín), e melloras nas depuradoras de Bueu e Sanxenxo.

Así mesmo, na ría de Vigo realizaranse actuacións de mellora e desinfección nas depuradoras de Soutomaior, Cangas e Redondela (Pontevedra) e mellorarase o funcionamento da EDAR de Teis. Na ría de Baiona está previsto mellorar os bombeos da rede de saneamento en Baiona e do emisario submarino no concello de Nigrán.



## GERMÁN FERREIRO VILARIÑO É NOMEADO NOVO INTERVENTOR XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que nomea a Germán Ferreiro Vilariño novo interventor xeral da comunidade autónoma, logo de que o Consello da Xunta dispuxese o cesamento de Marta Fernández Currás que ata o de agora viña desenvolvendo este cargo.

Licenciado en dereito e en ciencias económicas e empresariais polo ICADE, Ferreiro Vilariño é funcionario da Xunta de Galicia, e pertence ao Corpo Superior de Finanzas. Con ampla experiencia e coñecemento da Administración autonómica, Ferreiro Vilariño exerceu o posto de interventor delegado nas consellerías de Medio Rural e de Emigración, así como na Administración institucional da Xunta (Consello da Cultura Galega e no Consello Consultivo de Galicia, Escola Galega de Administración Pública, Instituto Galego de Consumo, e Academia Galega de Seguridade). Ademais, foi xefe do Servizo de Planificación e Xestión Contable, polo que participou no desenvolvemento e implantación do novo sistema contable da Xunta de Galicia. O novo interventor desempeñaba actualmente a Subdirección Xeral de Control Orzamentario do Gasto (na Dirección Xeral de Orzamentos da Consellería de Economía e Facenda).

Co nomeamento de Germán Ferreiro Vilariño como novo interventor xeral, abórdase unha nota etapa na cal se afondará na transparencia, axilidade e control do gasto.

### Novo director do Igape

Por outra banda, o Consello coñeceu tamén a reestruturación abordada na área integrada polo Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), Xesgalicia e Bic Galicia. Á fronte do Instituto dependente da Consellería de Economía e Facenda sitúase o actual director xeral da sociedade xestora de capital risco, Álvaro Álvarez-Blázquez Fernández. Nacido en Vigo en 1952, Álvarez-Blázquez é licenciado en ciencias económicas e empresariais pola Universidade de Santiago de Compostela, máster en dirección e administración de empresas pola Universidade Politécnica de Madrid, e máster en dirección financeira pola Escola de Negocios Caixanova.

O novo director do Igape accederá ao posto despois de desempeñar o cargo de director xeral de Xesgalicia desde finais de 2005. Álvarez-Blázquez foi xefe comercial da área de empresas do Banco Atlántico en Vigo e adxunto á dirección do departamento financeiro da Sociedade para o Desenvolvemento Industrial de Galicia (Sodiga), onde traballou na elaboración de análises de empresas e estudos de viabilidade. Nesta etapa (1981-1984) foi conselleiro en diferentes empresas participadas por Sodiga. Posteriormente desenvolveu a súa actividade como consultor independente e directivo de diversas empresas, ata a súa incorporación como socio



director para Galicia de Unilco, consultora especializada en empresas familiares. Desde 2002 ata a súa incorporación en Xesgalicia ocupou a dirección xeral e comercial Campos e Rial.

José Antonio Delgado Arce, ata o de agora director do Igape, pasa a desempeñar a dirección de BIC Galicia.